

## Volta a pé ao cabo Prior da man de Columba e Mesturas

REDACCIÓN FERROL

A Sociedade Cultural Columba e a Asociación Mesturas organizaron onte unha nova edición, a sexta, da Volta a Pé ao Cabo Prior-Covas.

A praia de Santa Comba foi o punto de partida e chegada dun percorrido que discorreu por o

Porto, o Faro, a terceira batería, os túneles de proxectores, a sexta batería e regreso pola estrada da Cova.

A continuación, celebrouse no Restaurante Beceiro un xantar a base de churrasco no que participaron todas aquelas persoas que se inscribiron de forma previa. A xornada serviu un ano máis para poñer en valor a zona. ●



O percorrido organizado polas dúas entidades tivo en Santa Comba o punto de saída e chegada | EMILIO CORTIZAS

## Observación de Perseidas na praia de Esmelle coa SGHN

REDACCIÓN FERROL

A programación da Semana Cultural de Esmelle contempla para hoxe unha actividade de observación de Perseidas na praia desta parroquia ferrolá, á altura da caseta de socorrismo, sempre que as condicións meteorolóxicas o permitan.

A sesión, prevista para as 22.30 horas, estará dirixida pola sección de Astronomía da Sociedade Galega de Historia Natural, que desprazará ao lugar un telescopio pequeno para ver a Lúa e os planetas Xúpiter e Saturno.

Recomendan levar roupa de abrigo e algo co que poder tumbarse na area da praia. ●

### ARES

#### Xornadas de portas abertas no estudio do artista Mané

O artista sevillano Juan Manuel Álvarez Romero, Mané, realiza ata o vindeiro día 20 unhas xornadas de portas abertas –en horario de 11 a 14 horas– no seu estudio situado na rúa Ángeles, 30, de Ares. Alí expón unha mostra dos traballos realizados en Galicia. O creador explicará ademais o seu traballo escultórico e pictórico, como tamén as obras dos seus próximos proxectos.



O artista no seu estudo

**O MAR QUE NOS MOVE**  
a frear o furtivismo.

Se consumes produtos do mar de forma irresponsable... Freas os nosos mariñeiros, mariscadoras e peixeiras. Freas a nosa gastronomía, a nosa industria, e sobretudo, a nosa economía.

**CANDO PROMOVES O FURTIVISMO, FREAS GALICIA.**

FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA (FEMP)  
 Xacobeo 2021  
 XUNTA DE GALICIA